

***PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO  
DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
DO  
IES FÉLIX MURIEL DE RIANXO***

**Curso 2006-2007**

## ÍNDICE

1	ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA.....	3
2	OBXECTIVOS.....	5
3	MEDIDAS .....	5
4	ACTIVIDADES .....	6
4.1	EDICIÓN DE MATERIAIS: .....	6
4.1.1	O GALEGO NA REDE: FERRAMENTAS TERMINOLÓXICAS .....	6
4.1.2	ELABORACIÓN E EDICIÓN DE CD SOBRE <i>DOS ARQUIVOS DO TRASNO</i> . 7	7
4.1.3	REVISTA ANACOS NÚM. 13.....	7
4.1.4	CALENDARIOS PARA AS AULAS.....	9
4.2	ORGANIZACIÓN DE CHARLAS E OBRADOIROS.....	9
4.2.1	Charla: “ A lingua e a empresa” .....	9
4.2.2	Charla: “Os dereitos lingüísticos”.....	10
4.2.3	Charla: “Galicia e as relacións cos países de lingua portuguesa”.....	10
4.2.4	Charla: “A lingua na Universidade” .....	11
4.2.5	CONTACONTOS.....	11
4.2.6	OBRADOIRO DE REGUEIFAS .....	11
4.2.7	OBRADOIROS PARA A MELLORA DAS ACTITUDES LINGÜÍSTICAS... 12	12
	1. “O falar non ten cancelas”. Obradoiro de optimización comunicativa.....	12
	2. “A diversión nos libros. Obradoiro de animación á lectura e á escritura”.....	12
4.3	CONCURSOS: .....	13
4.3.1	Relatos de Nadal .....	13
4.3.2	Cartas de amor en galego .....	13
4.3.3	Narración: “Relatos do lume” .....	14
4.3.4	Creación en lingua galega .....	14
4.4	COÑECER A MARÍA MARÍÑO .....	14
4.5	GALEGUIZAMOS O CONTORNO- 1ª FASE.....	16
4.5.1	Exposición: “A lingua das nosas empresas”.....	16
4.5.2	Premio Castelao ó uso do galego na empresa.....	17
4.5.3	Campaña: “Falamos galego, mercamos en galego”.....	17
4.5.4	Observación en empresas .....	17
4.6	INTERCAMBIO CULTURAL CON OUTRO ENL .....	17
4.7	ACTIVIDADES COORDINADORA LEIXAPRÉN.....	19
5	MEMBROS DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN.....	21
5.1	Alumnado .....	21
5.2	Profesorado e persoal non docente .....	22
5.3	Coordinadora.....	23
6	TEMPORALIZACIÓN .....	24
7	ORZAMENTO.....	26

# 1 ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

A programación anual do departamento de normalización lingüística do IES Félix Muriel de Rianxo, e polo tanto tamén o presente proxecto, están baseados nunha análise sociolingüística do contorno a tratar. Diversas análises sociolingüísticas feitas desde o ENL no centro déronnos as claves que aquí reproducimos.

Xa no PCC queda reflectida a existencia dun alumnado maioritariamente galegofalante pero para o que o castelán ocupa o rexistro culto que lle correspondería a un galego estándar que os alumnos declaran non dominar da mesma maneira. Detéctase un alumnado diglósico, sen competencia suficiente na súa lingua e que, en simples observacións de aula, mostra actitudes negativas cara a súa propia lingua.

Outras análises realizadas no centro máis recentemente, como foron unha enquisa con datos sociolingüísticos e mais dous grupos de discusión, levaron a confirmar que esa mesma tendencia diglósica está asentada. Detéctase un alumnado diglósico, sen competencia suficiente na súa lingua, confirmado en dúas investigacións realizadas no centro, como foron unha enquisa con datos sociolingüísticos sobre todo de usos e mais unha análise cualitativa realizada con grupos de discusión<sup>1</sup>. Nesta última investigación viuse como o alumnado mostraba moitas actitudes negativas cara a súa propia lingua, que resumimos a continuación:

- O discurso do alumnado varía segundo as súas circunstancias persoais, e nótase a influencia das opinións e actitudes que se lles transmiten desde as familias. A propia condición lingüística dos actores inflúe na visión sobre a necesidade da lingua e o futuro da mesma, así como o avance ou retroceso do galego. Ante o mesmo nivel de educación escolar existen opinións contraditorias e senten e interpretan os problemas influídos polas representacións que a lingua ten asumidas.

---

Existen moitas representacións negativas cara ó galego:

- O galego é unha lingua asociada ó rural, fronte ó castelán que é propio das urbes.
- O galego é marca de status social.
- O galego é unha lingua de funcións limitadas, non ten as mesmas saídas có castelán.

- Detéctase que os prexuízos de sempre seguen latentes, sendo os máis alarmantes os que pesan sobre a súa propia variante dialectal, que por posuír características fonéticas tan marcadas como o seseo e a gheada, está moito máis estigmatizada ca outras. Por conseguinte detéctase un enorme autoodio por parte da maioría dos galegófonos que rexeitan todo o que os ligue ás súas raíces. Isto leva á infravaloración da propia lingua, ó desexo de falaren castelán, á xustificación da converxencia lingüística ante os castelanfalantes. Pero deixa á vista un grave problema que existe cun galego estándar que non se asume como tal, do que se descoñecen as súas verdadeiras funcións fronte ás outras variedades lingüísticas e –o que é aínda máis grave- do que estes falantes non teñen competencia plena, pese a que estaba implantado en todo o sistema escolar cando eles se incorporaron a el. Isto provócalles unha inseguridade que os leva a empregar o castelán como rexistro culto.
- Existe un conflito lingüístico que se transmite nun conflito interno na sociedade que reflicten estes mozos e mozas. Por un lado falan unha lingua que asumen como desprestixiada pero que vai adquirindo prestixio, aínda que non todos entenden que o acade no mesmo grao, así existen diferenzas entre a valoración que lle dan ó galego. Por outro lado está un castelán que a inmensa maioría non fala e que ten prestixio, e desde logo que maioritariamente se asume como lingua superior, como lingua da escrita, que ofrece maiores saídas profesionais. O conflito continúa ata o punto onde converxen os criterios de utilidade e de horizonte territorial coa actitude de compromiso e lealdade cara á lingua propia, pois -pese á imaxe negativa xeral do castelán fronte ó galego- xa non todos teñen claro que se deba claudicar ante el. A actitude de respecto cara ás linguas, a existencia dunha lexislación que respalda o galego tamén crea un discurso contradictorio, pois por un lado predomina un aparente respecto polo multilingüismo e unha actitude de tolerancia ante a lingua dos outros; pero no fondo segue a detectarse que existen niveis de linguas e o castelán está nun chanzo máis elevado e merece máis respecto có galego. (Formoso Gosende, 2004: 89-90)

Á hora de realizar a programación, o Equipo de Normalización Lingüística do IES Félix Muriel ten en conta estas circunstancias, así como que a lexislación actual sinala claramente como un dos obxectivos xerais básicos que o alumnado consiga competencia lingüística semellante nas dúas linguas oficiais. Daquela, e tras comprobar que non se dá tal circunstancia, xa que queda o galego sempre como lingua de uso oral coloquial e o castelán como a lingua para os rexistros formais no ámbito oral e escrito fixéronse os obxectivos, medidas e actividades que se citan a continuación.

## 2 OBXECTIVOS

Os obxectivos formúlanse de acordo coa lexislación vixente, coas circunstancias concretas da nosa comunidade educativa e coas necesidades de tódolos membros que a compoñen. Partimos da consideración do Equipo de Normalización Lingüística como un conxunto de persoas que teñen unha finalidade clara: conseguir a normalidade da lingua galega dentro da comunidade escolar. Para iso temos sempre presentes os seguintes obxectivos, que foron consensuados no **Plan Xeral para o uso do idioma**, integrado no PEC do noso centro:

- 1- Potenciar o uso do galego en tódalas actividades do centro.
- 2- Valorar positivamente o uso da lingua entre os membros da comunidade educativa.
- 3- Mellorar a competencia lingüística entre alumnado, profesorado e persoal non docente.
- 4- Dinamizar a lingua desde o ENL cara o exterior do centro.

## 3 MEDIDAS

Para acadar estes obxectivos xerais acordamos levar adiante diferentes medidas, a maioría delas con carácter **plurianual**, xa que se estiveron desenvolvendo en anos pasados, tal como se pode ver nos proxectos anteriores. Son as seguintes:

1. **Mudar actitudes** lingüísticas negativas cara ó galego existentes entre o alumnado por outras máis positivas.
2. **Detectar e neutralizar actitudes negativas** cara ó galego existentes entre o profesorado.
3. Editar materiais destinados a profesorado, alumnado, persoal non docente e pais para **facer normal o uso do galego estándar escrito**
4. Motivar a alumnado e profesorado a **expresarse por escrito** en lingua galega
5. Proporcionar lecturas en galego en rexistro culto en tódolos ámbitos.
6. Achegar o alumnado a manifestacións **orais cultas**, así como á **nosa literatura oral**.
7. Demostrar o valor do galego como manifestación cultural oral a través de diferentes representacións
8. **Intercambiar** experiencias, coñecementos, manifestacións culturais e lingüísticas con outro IES. Entrar en contacto con rapaces dunha realidade social, cultural e lingüística diferente.

9. Participar nas actividades da **Coordinadora Leixaprén** de Equipos de Normalización Lingüística. Compartir cos membros doutros ENL a análise sociolingüística máis inmediata a través da convocatoria do Premio Leixaprén.
10. Dar a coñecer a figura de **María Mariño**, homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas
11. Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.
12. Dinamizar o uso do galego no centro de xeito que repercuta no exterior.
13. Desenvolver a 1ª fase dun proxecto plurianual de **dinamización lingüística do contorno**.

## **4 ACTIVIDADES**

As medidas anteriores estanse a desenvolver mediante as actividades que se describen a continuación:

### **4.1 EDICIÓN DE MATERIAIS:**

**NOVOS:**

#### **4.1.1 O GALEGO NA REDE: FERRAMENTAS TERMINOLÓXICAS**

**Descrición:**

O futuro do galego está na súa incorporación ás novas tecnoloxías. Unha grande cantidade do profesorado aínda escribe os textos en castelán porque llos corrixe o ordenador e quíxase de que ten dificultades para face-lo mesmo en galego. Desta maneira ideamos realizar un **tríptico** que recollese as ferramentas terminolóxicas que puidesen ser de utilidade para o profesorado, alumnado, persoal non docente e mesmo pais. O guión do devandito tríptico sería o seguinte: Dicionarios na rede: (monolingües xerais, monolingües enciclopédicos, bilingües), tradutores, buscadores de terminoloxía, outros materiais.

Para aclarar mellor toda a información que se inclúe no material organizarase unha **exposición oral** de oral e media na aula de informática.

**Obxectivos:**

- Achegarlle a toda a comunidade educativa a información sobre as ferramentas terminolóxicas que lles poden axudar no seu traballo.
- Axudar a normalizar o galego na escrita.
- Dinamizar no ámbito das novas tecnoloxías

**Destinatarios:** Toda a comunidade educativa, desde o profesorado ata os pais, pasando polo alumnado e persoal non docente.

**Temporalización:** Edición e elaboración do tríptico: novembro a xaneiro. Charla: febreiro

**Orzamento:** 200 €para o tríptico / 150 €para a persoa encargada de impartir a charla.

#### **4.1.2 ELABORACIÓN E EDICIÓN DE CD SOBRE DOS ARQUIVOS DO TRASNO**

##### **Descrición:**

O alumnado do 1º ciclo estivo a elaborar bandas deseñadas a partir da obra de Rafael Dieste *Dos Arquivos do trasno*. Escaneáronse todas e introducíronse nun CD autoexecutable, cun menú interactivo que permite a navegación de xeito cómodo polos contidos.

##### **Obxectivos:**

- Dar a coñecer a obra de Dieste de forma lúdica
- Motivar o alumnado do 1º ciclo para que lea os clásicos
- Empregar as novas tecnoloxías para achegarse á literatura

**Destinatarios:** Toda a comunidade educativa, desde o profesorado ata os pais, pasando polo alumnado e persoal non docente.

**Temporalización:** 1º Trimestre do curso 2006-2007

**Orzamento:** 200 €para a edición de 100 CDs aproximadamente

#### **PLURIANUAIS:**

#### **4.1.3 REVISTA ANACOS NÚM. 13**

**Descrición:** Trátase do número 13 da revista do Equipo de normalización do centro escrita integramente en galego e que conta normalmente coas seguintes seccións:

1. Editorial
2. Nós : Recóllense novas do IES pero fundamentalmente do ENL. Dáse conta aquí das actividades normalizadoras realizadas ó longo do curso.
3. Para – todos: Artigos do alumnado que tratan temas de actualidade e do seu interese. Para este número estase a elaborar un especial sobre música e outro sobre pintura contemporánea.
4. Saber máis: Traballos de investigación realizados polo alumnado, normalmente sobre cuestións científicas.

5. Banda Deseñada: Recóllense os traballos de banda deseñada da materia de plástica, así como os que fai o alumnado do 1º ciclo sobre os libros de lectura.
6. Máis anacos: Entra a creación literaria do alumnado e profesorado. O ano pasado inauguramos un apartado para a colaboración de escritores (contamos con Agustín Fernández Paz e Miro Villar), sección esta que tentaremos manter manter no presente número.
7. Opinamos: Páxinas abertas ós artigos de opinión de toda a comunidade educativa.
8. Retratos: Traballos sobre personaxes actuais ou non. Entran tamén as entrevistas a persoeiros que escollen os membros do equipo de normalización. Este ano destacan os retratos do subcampión de España de piragüismo, veciño da vila e mais de músicos da vila.
9. Os máis mellores: Selección de traballos gañadores en concursos no IES ou fóra do alumnado e/ou profesorado do centro.
10. Toma nota: Calquera artigo con curiosidades

O **consello de redacción** da revista está formado por 3 profesores e doce alumnos e alumnas, actuando como directoras este ano dúas alumnas de 1º de BACH e maila coordinadora do ENL. Preténdese que sexa unha revista feita basicamente polo alumnado do centro, así ademais dos traballos dos membros do ENL, estes encárganse de pedirilles artigos ós compañeiros.

### **Obxectivos:**

- Ter un órgano de expresión do centro integramente redactado en galego.
- Promover o uso do galego nos textos escritos, tanto no ámbito creativo coma ensaístico.
- Darlle ó alumnado (tamén a profesorado e pais) a posibilidade de publicaren os seus traballos de creación ou investigación en galego.
- Achegar o alumnado á elaboración de materiais impresos.
- Ofrecerlles ós membros do ENL a capacidade de organizaren e decidiren a revista do centro intervindo directamente na dirección e redacción da mesma.
- Ensinar os alumnos a establecer comunicacións vía correo electrónico, teléfono ou fax cos colaboradores da revista.

### **Destinatarios:**

Toda a comunidade escolar, habitantes do concello, colexios e institutos da redonda.

### **Temporalización:**

Todo o curso 2005-2006

**Orzamento:**

O custo aproximado de 400 exemplares da revista con tapas a cor son 1.300 €

**4.1.4 CALENDARIOS PARA AS AULAS.****Descrición:**

En colaboración co departamento de orientación vanse elaborar durante todo o curso os calendarios para as aulas, co mesmo contido có **calendario anual**. Este ano introducimos, ademais de algúns refráns referidos ós meses, datos da literatura en lingua galega. Deseñouse con catro follas, unha por trimestre.

**Obxectivos:**

- Normalizar a lingua escrita, tentando que o alumnado galegófono asimile de vez a nomenclatura dos meses e días da semana na forma galega, deixando de usar os castelanismos, tal e como están facendo
- Dar a coñecer datos sobre a nosa literatura e cultura.

**Destinatarios:** Toda a comunidade educativa, desde o profesorado ata os pais, pasando polo alumnado e persoal non docente.

**Temporalización:** novembro e decembro.

**Orzamento:** 400 € para 200 exemplares do calendario anual en catro follas.

**4.2 ORGANIZACIÓN DE CHARLAS E OBRADOIROS**

As actividades descritas debaixo desta epígrafe organízanse coa intención de que axuden a mudar as actitudes e representacións lingüísticas negativas do noso alumnado por outras positivas.

Recordamos que en Rianxo o 99,8% do alumnado é galegófono, mesmo aqueles que falan castelán na casa empregan o galego no centro para integrarse, pero só en usos orais e informais pois empregan o castelán na escrita e na oralidade para usos formais.

Son actividades **plurianuais**, pois levamos xa 3 anos promovendo as charlas 1, 2 e 3, así coma os Obradoiros para a mellora das actitudes lingüísticas para o alumnado do IES.

**CHARLAS****4.2.1 Charla: “A lingua e a empresa”**

**Descrición:** Dado que este ano comezamos co proxecto “Galeguizamos o contorno”, imos repetir esta charla, ofertada desde A Mesa e impartida por María Xosé Curros, que xa estivo no centro o ano pasado, tendo grande éxito entre o alumnado.

**Obxectivos:**

- Facerlle ver ó alumnado que o galego serve para traballar dentro da empresa en Galicia.
- Conseguir que o alumnado galegófono elimine prexuizos.
- Darlles estratexias para que poidan desenvolver o seu traballo en galego nas empresas onde predomina o castelán.
- Conseguir que o alumnado adquira conciencia da lingua propia e que se poida converter en axente normalizador no exterior.

**Destinatarios:**

- Alumnado de 4º da ESO (100)

**Temporalización:** novembro

**Orzamento:** 120€

#### **4.2.2 Charla: “Os dereitos lingüísticos”**

**Descrición:** Atendendo á oferta que A Mesa fai para os centros de ensino escollemos esta charla para tratar un tema moi importante entre o colectivo galegófono que non coñece os seus dereitos nin dentro nin fóra das aulas. Queremos que coñezan minimamente os seus dereitos e que se poidan defender diante de “ataques” daqueles que os recriminan polo uso da súa lingua propia e que contribúen a crear neles un sentimento de inferioridade

**Obxectivos:**

- Facerlle reflexionar ó alumnado sobre a lingua como sinal de identidade.
- Darlle argumentos para defenderen o uso da súa lingua propia.
- Contribuír a eliminar prexuizos de cara ó galego.
- Ensinarlle outra forma de adquirir coñecementos fóra da aula.

**Destinatarios:** Todo o alumnado de 3º ESO (aprox. 100 )

**Temporalización:** xaneiro

**Orzamento:** 120€

#### **4.2.3 Charla: “Galicia e as relacións cos países de lingua portuguesa”**

**Descrición:** Charla tamén ofertada desde A Mesa e que será impartida por Carlos Cayón.

**Obxectivos:**

- Facerlle ver ó alumnado que o galego pode abrírlles portas no mundo lusófono.
- Contribuír a eliminar prexuizos de cara á propia lingua.
- Ensinarlle outra forma de adquirir coñecementos fóra da aula.

**Destinatarios:**

- Alumnado de 4º da ESO (100)
- Alumnado da optativa de portugués de 1º de Bacharelato.

**Temporalización:** maio

**Orzamento:** 120€

#### **4.2.4 Charla: “A lingua na Universidade”**

**Descrición:** Charla impartida por Isabel Vaquero, técnica do Servizo de Normalización da Universidade de Santiago de Compostela que falará sobre os usos do galego na Universidade, as comisións de normalización das diferentes facultades e o traballo do servizo de normalización da universidade compostelá. Acordamos organizar esta charla por primeira vez para conseguir que o alumnado asuma que na universidade pode seguir falando galego.

**Obxectivos:**

- Convencer ao alumnado de Rianxo, maioritariamente galegófono, de que poden manter a súa lingua sen problema cando cheguen ás Universidades galegas, situada en grandes cidades onde a lingua maioritaria do contorno é o castelán.
- Dar a coñecer os distintos Servizos de Normalización Lingüística da Universidade.

**Destinatarios:**

- Alumnado de 2º da BACH (100)

**Temporalización:** marzo

**Orzamento:** 120€

#### **4.2.5 CONTACONTOS**

**Descrición:** Preténdese traer un contacontos para o alumnado de 1º e 2º ciclo da ESO para os vésperas do Día das Letras Galegas. Establecéranse contactos con **Paula Carballeira** pero non dispón de tempo, daquela intentárase con Quico Cadaval, que ademais é da zona.

**Obxectivos:**

- Achegar o alumnado á literatura oral
- Dignifica-la lingua propia nas comunicacións non cotiás

**Destinatarios:** Alumnado de 1º e 2º ciclo da ESO

**Temporalización:** Maio

**Orzamento:** 300 €

#### **4.2.6 OBRADOIRO DE REGUEIFAS**

**Descrición:** Organizouse unha **sesión de regueifas** desenvolta por Pinto de Herbón e Caruncho, pertencentes ó grupo *Oral de Galicia*. Os dous encargados de levar a sesión explicáronlles aos rapaces (en dúas sesións) como se facía unha regueifa e logo implicáronos na práctica das mesmas.

**Obxectivos:**

- Dar a coñecer ó alumnado a poesía tradicional galega de tradición oral.
- Iniciar o alumnado nos procedementos de composición de regueifas.
- **Destinatarios:** Alumnado de 1º ciclo da ESO e Bacharelato

**Temporalización:** novembro

**Orzamento:** 400 €(dúas sesións: unha para ESO e outra para Bacharelato)

#### 4.2.7 OBRADOIROS PARA A MELLORA DAS ACTITUDES LINGÜÍSTICAS

Dado o problema de actitudes negativas que presenta o noso alumnado, comentado ó principio, estes obradoiros son actividades imprescindibles, que están dando moi bo resultado nos últimos anos.

##### 1. “O falar non ten cancelas”. Obradoiro de optimización comunicativa.

**Descrición:** Igual ca nos tres cursos anteriores, contrataranse especialistas para que, cunha metodoloxía totalmente práctica e divertida para o alumnado, nunha sesión de dúas horas, traballen as actitudes do alumnado con respecto á súa lingua.

**Obxectivos:**

- Eliminar prexuízos sobre o uso do galego entre o alumnado galegófono que mantén un uso diglósico da lingua.
- Desmontar prexuízos sobre as variedades xeográficas do galego, sobre todo da propia, especialmente estigmatizada ó estar foneticamente moi marcada polo seseo e a gheada.

**Destinatarios:** Alumnado de 3º da ESO

**Temporalización:** Maio

**Orzamento:** 250 €

##### 2. “A diversión nos libros. Obradoiro de animación á lectura e á escritura”

**Descrición:** As actitudes negativas cara á propia lingua non só se manifestan nos comportamentos orais do noso alumnado galegofalante. O proceso de lecto-escritura, tan fundamental na súa formación, vese tamén afectado polos prexuízos que teñen cara á lingua. Escoitamos frases do tipo “Ler en galego non me gusta” ou “Escribo o meu diario (contos, poemas, cartas...) mellor en castelán”. Daquela, cremos fundamental realizar este obradoiro. Tamén se vai contratar a unha empresa foránea ó centro, con persoas totalmente alleas ó instituto, para que nunha sesión de dúas horas o alumnado descubra que a lectura e a escritura son ferramentas comunicativas e formas de divertimento máis ca unha materia examinable.

**Obxectivos:**

- Animar os rapaces a escribir e ler.
- Ensinarlles que a escrita é unha saída á súa creatividade, un xeito de divertirse.

- Mostrarlles o seu propio potencial imaxinativo.
- Descubrir todo o que hai detrás dun libro e valoralo moito máis.

**Destinatarios:** Alumnado de 2º da ESO

**Temporalización:** Xuño

**Orzamento:** 250 €

**Orzamento total dos obradoiros:** 500 €

### **4.3 CONCURSOS:**

Os concursos teñen como finalidade básica a motivación dos membros da comunidade escolar (principalmente alumnado de tódolos niveis e mais profesorado) para que se expresen por escrito en galego. Recordemos que esta competencia non a teñen ben adquirida, e que ademais seguen a considerar que a lingua culta é o castelán.

#### **4.3.1 Relatos de Nadal**

**Descrición:** Proporase un concurso de Relatos que teñan como temática o Nadal. Para motivar a participación promocionaranse como Relatos mínimos e pedirase que teñan como máximo 15 liñas. Estableceranse dous niveis: 1º, 2º e 3º da ESO por un lado e 4º da ESO e bacharelato por outro. Tamén se abrirá a posibilidade de que participe o profesorado.

**Destinatarios:** Todo o alumnado do centro.

**Temporalización:** Do 10 de novembro ó 11 de decembro.

**Orzamento:** 20 € que se investirán en dous vales para material escolar que se entregarán como premio.

#### **4.3.2 Cartas de amor en galego**

**Descrición:** A propósito do día de San Valentín colócase unha caixa de correo a semana anterior para que tódolos membros da comunidade escolar metan as súas cartas de amor coa condición de que estean escritas en galego. As que teñan destinatario dentro do centro, son repartidas polos membros do ENL. É unha actividade de grande éxito que se leva desenvolvendo desde hai cinco anos.

**Obxectivos:** Achega-lo galego escrito a unha actividade propia dos adolescentes de Rianxo que, pese a seren galegofalantes na súa maioría, empregan o castelán na súa correspondencia.

**Destinatarios:** Toda a comunidade escolar

**Temporalización:** febreiro

**Orzamento:** 15 € que se investirán nun vale para material escolar que se entregará como premio.

### **4.3.3 Narración: “Relatos do lume”**

**Descrición:** Este curso, igual ca o anterior, estase a organizar no IES Félix Muriel unha Semana Cultural. Este ano está dedicada ó cambio climático e profesorado voluntario das diferentes disciplinas está traballando na súa posta en marcha desde o Nadal. O ENL propuxo como actividade dentro deste marco a realización dun concurso de narración sobre a experiencia cos incendios deste pasado verán, algo que todo o alumnado, e toda a poboación de Rianxo, viviu moi de preto.

**Obxectivos:** Motivar o alumnado que se expresa de forma creativa que o faga en galego, pois adoitan facelo habitualmente en castelán. Haberá tres categorías: unha para o alumnado de 1º a 3º da ESO, outra para o alumnado de 4º ESO, PGS e Bacharelato, e unha terceira para o profesorado. Premiarase o mellor texto de cada categoría. O xurado estará conformado por profesorado deo ENL e mais de diferentes materias (historia, matemáticas, física, francés...) que forman parte da organización da Semana Cultural dedicada ó cambio climático.

**Destinatarios:** Todo o alumnado e profesorado do centro.

**Temporalización:** marzo e abril

**Orzamento:** 40 € para mercar material de A Mesa con lemas galeguizadores.

**Impacto:** Alto entre o profesorado e alumnado do centro e no contorno, xa que se chegou a un acordo de publicación dos textos por parte do concello de Rianxo, polo que se difundirá entre toda a poboación.

### **4.3.4 Creación en lingua galega**

**Descrición:** Realizouse en anos pasados a propósito do premio “Entre nós en galego” da que era daquela Dirección Xeral de Política Lingüística, as modalidades de: cartel e lema, narrativa, poesía, teatro e banda deseñada. Volveremos convocar estes concursos este ano.

**Obxectivos:** Motivar o alumnado que se expresa de forma creativa que o faga en galego, pois adoitan facelo habitualmente en castelán.

**Destinatarios:** Todo o alumnado do centro

**Temporalización:** abril e maio

**Orzamento:** 50 € para mercar material de A Mesa con lemas galeguizadores.

## **4.4 COÑECER A MARÍA MARIÑO**

**Descrición:**

Co obxecto de que a figura homenaxeada non sexa só un personaxe do que se fale o 17 de maio e do que non se coñeza nada máis, comezáronse as actividades no mes de novembro coa

participación directa do alumnado e de profesorado do departamento de plástica. Foron as seguintes:

- Elaboraranse **carteis** para colocar no centro dando a noticia de que se dedica o próximo Día das Letras Galegas a María Mariño.
- Organización dunha **exposición** sobre a figura e obra da homenaxeada no 2007. En colaboración co departamento de plástica expúxose un mural elaborado polo alumnado do 2º ciclo da ESO. Convidarase ós pais a asistiren ó centro a vela
- Para achegar datos sobre a súa contribución literaria traeremos ó centro ó especialista Xavier Castro, que nos ofrecerá unha **charla** para o alumnado de 4º da ESO e Bacharelato e mais para o profesorado destes niveis.
- Para completar a formación sobre a autora, de xeito máis lúdico, vai estar no centro - coma en anos anteriores- o artista **Serafín Marcos**. Asistirá o alumnado de 1º da ESO, pais e profesores.
- Realizaranse carteis para colocar nas portas das aulas con **poemas** de María Mariño que se manterán todo o curso.

#### **Obxectivos:**

- Dar a coñecer a figura homenaxeada no ano 2007 polas Letras Galegas.
- Achegar a María Mariño á comunidade escolar durante todo o curso, para que non sexa só unha referencia no mes de maio.
- Dar a coñecer a poesía de María Mariño

**Destinatarios:** Toda a comunidade escolar: alumnado, profesorado, pais, persoal non docente

**Temporalización:** de decembro a xuño

**Orzamento:** Charla de Xavier Castro: 200 € Actuación de Serafín Marcos: 180€. Gastos varios de material: 80 €

**Total orzamento actividade: 460€**

## **4.5 GALEGUIZAMOS O CONTORNO- 1ª FASE**

Partindo da idea de que a normalización lingüística do galego tería que desenvolverse en varios ámbitos ó mesmo tempo (non cremos que sexa posible normalizar un ámbito e cando este estea empezado con outro), decidimos saír fóra do marco escolar cunha proposta nova de dinamización: actuar no contorno escolar. Nunha primeira fase decidímonos polo **sector da empresa**, e máis concretamente, **polo comercio** de Rianxo.

Ben é certo que o ámbito empresarial é un dos campos máis difíciles de atacar; pero por outra banda, debido ó peso que ten, a súa normalización arrastraría o resto da sociedade. De feito, se o noso alumnado -e os seus pais- percibisen que o galego lles podía ser útil para traballar nas empresas, o interese en aprendelo e usalo subiría considerablemente, xa que verían que “pode servir para algo”.

No ámbito docente e dos equipos de normalización pénsase que o tecido empresarial está moi afastado de nós, pero quizais non o estea tanto. Podemos mesmo entender que forma parte da comunidade educativa: o alumnado dos ciclos formativos fai prácticas en empresas, vai acabar traballando en empresas, o centro conta con empresas provedoras, está integrado nun concello con determinadas empresas, pais e nais do alumnado dirixen empresas ou traballan nelas...

### **Obxectivos:**

- Achegar o alumnado ao mundo da empresa.
- Dinamizar desde o IES para o exterior.
- Axudar a normalizar o galego fóra do centro e sobre todo no ámbito económico.
- Crear conciencia lingüística en torno ós produtos e empresas que fan uso do galego.

### **Destinatarios:**

- Toda a comunidade educativa (profesorado, pais, alumnado e persoal non docente).
- Comerciantes e empresarios do concello
- Habitantes da vila e clientes do comercio rianxeiro

Esta actuación, que se pretende que comece neste curso e que teña continuidade en cursos vindeiros, desenvolvería durante esta primeira fase 3 actuacións que se describen a continuación:

#### **4.5.1 Exposición: “A lingua das nosas empresas”**

**Descrición:** Trátase de que o alumnado se faga consciente da lingua que se está a usar dentro das empresas. Para iso programáronse a recollida de publicidade e mostras de etiquetaxe de produtos para comprobar o uso do galego e/ou doutros idiomas nas diferentes marcas. Organizarase unha

exposición no centro que invite á reflexión sobre a etiquetaxe multilingüe de empresas coñecidas como Día ou Eroski. Tamén sobre os usos en empresas e produtos galegos fronte a algúns doutras comunidades (cataláns, andaluces..) e estranxeiros, ou mesmo en artigos tradicionais ou ligados ó rural fronte ós modernos.

#### **4.5.2 Premio Castelao ó uso do galego na empresa**

**Descrición:** Na liña da actuación anterior, comezará o alumnado e o profesorado implicado na actividade, por realizar mostras fotográficas da rotulación exterior e mais da publicidade das empresas do concello, para comprobar cal é a lingua utilizada.

A partir de aí vaise convidar as empresas que usen o galego a presentarse ó Premio Castelao, ademais de enviarlles unha carta de felicitación polo uso do galego na súa firma. Ás que non fagan tal uso, enviaráselles unha carta anunciándolles que existe e o Premio e convidándoas a galeguizarse. Mesmo nos imos ofrecer a traducirlles ou corrixirlles a rotulación ou publicidade que queiran facer en galego.

#### **4.5.3 Campaña: “Falamos galego, mercamos en galego”**

**Descrición:** Coa intención de facerlles chegar a mensaxe ás empresas rianxeiras, pensouse en elaborar unha campaña co lema “Falamos galego, mercamos en galego”. Elaboraranse adhesivos e un cartel para distribuír entre as empresas do concello, que irá acompañada dunha carta onde se expliquen as intencións da campaña.

#### **4.5.4 Observación en empresas**

**Descrición:** En colaboración cos departamentos de economía e de ciencias da natureza, que tódolos anos fan visitas a empresas co alumnado, elaborouse unha ficha para pasarlle ós visitantes para que fagan observación da lingua que emprega nas firmas visitadas.

**Temporalización das 4 actuacións:** Desde xaneiro a finais de curso

**Orzamento:** 300 € para a edición de adhesivos e carteis, 150€ para o premio, 50€ para a exposición.

### **4.6 INTERCAMBIO CULTURAL CON OUTRO ENL**

**Descrición:** Esta actividade é das de máis éxito e das experiencias máis enriquecedoras para o alumnado que forma parte do ENL. Organizouse este ano o intercambio co ENL do IES Valle-Inclán de Pontevedra. Os anos pasados o intercambio producírase con institutos de comarcas rurais e de áreas dialectais diferentes, polo que o intercambio achegaba tamén o contacto con outra forma de falar o galego. Este ano -a pedimento do centro pontevedrés, con alumnado

castelanófono- o noso alumnado entrou en contacto directo con mozos e mozas que falaban con dificultade o galego e que se expresaban en galego estándar, ou na variedade que algúns denominan “novo galego urbano”. Ademais do achegamento a esta forma oral do galego, coa que non teñen moito contacto, tiveron que realizar unha misión de galeguización dos compañeiros urbanos. Axudoulles a actividade a crear conciencia sociolingüística, manténdose galegófonos ante xente que falaba espontaneamente o castelán.

Este tipo de intercambio resúltanos, sobre todo ó alumnado, unha experiencia moi enriquecedora e educativa. As rapazas e rapaces do equipo están na organización, programación e execución de tódalas actividades que se levan a cabo o día que recibimos ó outro centro; actividades que van desde a recepción do alumnado visitante ata a lectura de textos dos autores rianxeiros no percorrido pola vila. Este ano ampliamos a visita rianxeira ata o concello de Ribeira para mostrarlles o patrimonio natural do Parque dunar de Corrubedo..

Realizouse un tríptico para tódolos participantes co programa e os textos que se len durante a visita.

O intercambio realízase fisicamente en dous días, pero “na distancia” -durante todo o segundo e terceiro trimestre- o alumnado mantén relación por carta e correo electrónico, xa desde antes de encontrárense nun dos centros no mes de febreiro e aínda logo de atopárense no segundo, no mes de maio.

Necesítase un autobús para mover os rapaces os dous días, nun caso para levalos ata o lugar elixido e no outro para realizar as visitas dentro do concello de Rianxo (subir ó Pico Muralla, ir ver onde naceu M. Antonio en Asados e visitar o hórreo do Araño) e mais no veciño concello de Ribeira, onde está o citado parque.

#### **Obxectivos:**

- Dar a coñecer ó alumnado do ENL o traballo doutro ENL e ter a oportunidade de compartiren experiencias, así como de comprobar a forma de actuar, de organizar as actividades normalizadoras, etc. do outro centro.
- Entrar en contacto con rapaces dunha realidade social, cultural e lingüística diferente.
- Profundizar máis na propia realidade, contorno socioeconómico e cultural debido a que son os membros do ENL os encargados de explicar as formas de vida do concello, así como de facer o roteiro literario pola vila de Rianxo.

**Destinatarios:** O alumnado do Equipo de Normalización lingüística

**Temporalización:** 2º e 3º trimestre.

#### **Orzamento:**

- Tríptico (90 exemplares): 100€
- Autobús á localidade do intercambio: 250€aprox.
- Autobús para o percorrido por Rianxo e Ribeira: 140€

**Total: 490 aprox.**

#### **4.7 ACTIVIDADES COORDINADORA LEIXAPRÉN**

O ENL do IES Félix Muriel de Rianxo é membro da Coordinadora Leixaprén de Equipos de Normalización Lingüística, que está configurada polos ENL de nove centros de ensino do contorno do Barbanza. A devandita Coordinadora entrega cada ano o Premio Leixaprén a un candidato “vivo” (persoa ou institución) pola súa dedicación á normalización do galego. Tamén realiza unha homenaxe a un persoeiro “morto” do concello, que teña traballado en prol da nosa lingua. Pode verse máis información na web da coordinadora: [www.leixaprén.com](http://www.leixaprén.com).

Este ano a organización do premio lévaa o concello de Rois, pero o alumnado e profesorado do ENL participan activamente nas propostas de elección dunha primeira terna de candidatos e logo na selección final do premiado entre as propostas de tódolos centros. Finalmente no noso centro difúndese información sobre o premiado, mediante unha exposición.

##### **Obxectivos:**

- Implicar a alumnado e profesorado na reflexión sociolingüística ó teren que propoñer e argumentar os candidatos para o premio.
- Entrar en contacto cos membros doutro ENL.
- Profundizar, desde o punto de vista sociolingüístico, no contorno socioeconómico e cultural.
- Dar a coñecer ó resto da Comunidade Educativa e a todo o concello, o persoeiro ou institución premiados.

**Destinatarios:** Os membros do Equipo de Normalización lingüística que traballan directamente na elección e o resto da comunidade educativa que recibe a información sobre premiados e homenaxeados.

**Temporalización:** de outubro (1ª reunión) a maio (entrega do premio)

**Orzamento:** 100 €aprox.

##### **NOTA:**

**As actividades programadas están sempre condicionadas polo diñeiro que poidamos recibir desde a administración, a partida orzamentaria do centro e algunha axuda puntual que nos achegue a ANPA ou o concello. Non pedimos ningunha outra subvención á administración.**

**Daquela, non sabemos cales destas actividades serán as que realicemos en base á subvención para a que se presenta este proxecto.**

**Por outra banda o ENL do IES Félix Muriel está aberto a participar en calquera campaña que se nos poida presentar puntualmente desde A Mesa pola Normalización Lingüística ou calquera outra organización que persiga os mesmos fins. Así como tamén aceptará propostas que os membros do ENL fagan, motivados por calquera circunstancia puntual que requira a nosa actuación, sempre e cando o orzamento do departamento o permita. Polo tanto, este programa de actividades nunca está fechado definitivamente.**

## **5 MEMBROS DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN**

O equipo de normalización lingüística está composto, ademais de polos 3 membros do profesorado, 3 membros do alumando e un membro do persoal non docente -tal como marcan os mínimos legais- polo resto de persoas que se nomean a continuación e que participan activamente en tódalas actividades.

### **5.1 Alumnado**

#### 1º CICLO

Laura Cortés Cambeses 1º A

Sandra Figueira Serantes 1º A

Ana María Fernández Prol 1º A

Sara Caamaño Lojo 1º A

Elisabet Lojos Seage 1º A

Viviana Bermúdez Alcalde 1º A

María Alcalde Rubio 1º A

Paula Hernández Varela 1º A

Julia Gil Ordóñez 1º A

Adrián Gómez Ramos 1º A

Abel López Yáñez 1º A

Juan Ferreirós Losada 1º A

Anxo Alcalde Sobradelo 1º A

Nerea Cebreiro Tarrío 1º C

Christian Filgueira Iglesias 1º C

Julián Bustelo Abuín 1º C

Carla Blanco Sobradelo 1º C

Uxía Lojo Pouso 1º C

África Torrado Rodríguez 1º D

José Antonio Martínez Galbán 1º D

Laura Noya Ces 1º E

Alba Quintáns Resúa 1º E

Iria Romero Seijas 1º E

Sara González Pimentel 1º E

Iria Mariña Otero Rodríguez 1ºE

José Ramón Seoane Mirón 2º C

## 2º CICLO ESO

Jorge Moisés Vicente Ces 3º E

Esther Domínguez Alcalde 3ºE

Mª Carmen Filgueira Iglesias 4º C - PDC

Paloma Torres Iglesias 4º C - PDC

Jessica Cousiño López 4º C - PDC

Laura Ortega Tubío - 4º C - PDC

Sonia Carou Gómez 4º C - PDC

Fátima González Rial 4º C

Alexandra Sobradelo Rivas 4º C

Cristina Saborido Rial 4º D

Tamara Miguéns Bouzas 4º D

## BACHARELATO

Raquel Cespón Romero 1º A

Sara Carou Figueira 1º. A

María Varela Abuín 1º B

Alba Comojo Ordóñez 1º C

Uxía Bolaño Amigo 1º C

Sabela Galbán Rodríguez 1º C

Raquel Gómez Romero 1º C

## **5.2 Profesorado e persoal non docente**

### **Profesorado**

Mª Paz Plaza Sixto

Mª Asunción González González

Rodolfo Piñeiro Pazos

Mª Dolores Bretal Martínez

Jesús Costa Rodil

Mª Concepción Rodríguez Varela

Josefa Gamarra

Emilio Losada

### **Disciplina**

Lingua galega (2º ciclo ESO e Bach)

Francés (1º e 2º ciclo Eso e Bach)

Música ( 1º ciclo)

Música (2º ciclo e Bach)

Ciencias Sociais (1º ciclo)

Lingua castelá (2º ciclo e Bach)

Física (2º ciclo e Bach)

Educación Física (2º ciclo e Bach)

**Persoal non docente**

María Dolores Rodríguez Rodríguez

**5.3 Coordinadora**

Valentina Formoso Gosende

Lingua galega (2º ciclo e Bach)

## 6 TEMPORALIZACIÓN

A continuación preséntase a distribución das actividades por trimestres.

ACTIVIDADE	1º TRIM	2º TRIM	3º TRIM
<b>1- EDICIÓN DE MATERIAIS</b>			
1- O galego na rede			
2- CD “Dos Arquivos do Trasno”			
3- Revista			
4- Calendarios			
<b>2. CHARLAS e OBRADOIROS</b>			
1- A lingua e a empresa	novembr		
2- Os dereitos lingüísticos		xaneiro	
3- Galicia e as relacións cos países de lingua portuguesa			maio
4- A lingua na Universidade		marzo	
5- Sesión de Contacontos			maio
6- Obradoiro de Regueifas	novembr		
7- Obradoiros para a mellora de actitudes - O falar non ten cancelas - A diversión nos libros			abril xuño
<b>3- CONCURSOS</b>			
1- Relatos de Nadal	nov. dec.		
2- Cartas de amor en galego		febreiro	
3- Relatos do lume		marzo	abril
3- Creación en lingua galega			abril maio
<b>4-COÑECER A MARÍA MARIÑO</b>			
1- Exposición			
2- Charla Xavier Castro			maio
3- Actuación Serafín Marcos			maio

<b>5- GALEGUIZAMOS O CONTORNO</b>			
1- Exposición sobre a lingua nas empresas			
2- Premio Castelao ó uso do galego			
3- Campaña para o comercio			
4- Observación en empresas			
<b>6- INTERCAMBIO</b>			
<b>7- ACTIVIDADES COORD. LEIXAPRÉN</b>			

## 7 ORZAMENTO

<b>ACTIVIDADES</b>	<b>CUSTO aprox. en €</b>
<b>1- EDICIÓN DE MATERIAIS</b>	
1- O galego na rede	350
2- CD “Dos Arquivos do Trasno”	200
3- Revista	1300
4- Calendarios	400
<b>2. CHARLAS e OBRADOIROS</b>	
1- A lingua e a empresa	120
2- Os dereitos lingüísticos	120
3- Galicia e as relacións cos países de lingua portuguesa	120
4- A lingua na Universidade	120
5- Sesión de Contacontos	300
6- Obradoiro de Regueifas	400
7- Obradoiros para a mellora de actitudes - O falar non ten cancelas - A diversión nos libros	500
<b>3- CONCURSOS</b>	
1- Relatos de Nadal	20
2- Cartas de amor en galego	15
3- Relatos do lume	40
3- Creación en lingua galega	50
<b>4-COÑECER A MARÍA MARIÑO</b>	
1- Exposición	80
2- Charla Xavier Castro	200
3- Actuación Serafín Marcos	180
<b>5- GALEGUIZAMOS O CONTORNO</b>	
1- Exposición sobre a lingua nas empresas	50
2- Premio Castelao ó uso do galego	150
3- Campaña para o comercio	300

4- Observación en empresas	
<b>6- INTERCAMBIO</b>	
Tríptico	100
Autobús desprazamentos locais	140
Autobús desprazamento a Pontevedra	250
<b>7- ACTIVIDADES COORD. LEIXAPRÉN</b>	100
<b>TOTAL</b>	<b>5.605€</b>

Rianxo, 23 de marzo de 2006

A coordinadora: Valentina Formoso Gosende

O director: Luís Diz Mirón  
Visto e Prace